

CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROXECTOS DE MEDICINA PERSONALIZADA DE PRECISIÓN

No B.O.E. de data 13 de xullo do 2022 publicouse o Extracto de Resolución de 12 de xullo da Dirección do Instituto de Salud Carlos III pola que se aproba a convocatoria para o ano 2022 de concesión de subvencións a Proxectos de Investigación de Medicina Personalizada de Precisión da Acción Estratégica en Saúde 2021-2023, baixo o PERTE para a Saúde de Vanguarda e con cargo a os fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. O texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións, con identificador BDNS : 638458

O obxecto desta resolución é a concesión de subvencións para fomentar o avance progresivo da Medicina Personalizada de Precisión mediante o financiamento de proxectos que posibiliten o desenvolvemento e implementación no SNS de actuacións clínico-asistenciais que permitan incrementar a precisión en persoas e servizos de saúde dos diferentes procedementos de prevención, diagnóstico, tratamento e rehabilitación dispoñibles.

A contía total máxima de esta convocatoria é de 81.500.000 €.

O prazo de presentación de solicitudes é dende o **19 de xullo ata o 11 de agosto de 2022 ás 15 horas**(hora galega).

No lateral dereito dispoñedes dun acceso á resolución e unhas fichas resumo da convocatoria

LIGAZÓNS

ASOCIADAS

Convocatoria
Medicina
Personalizada de
Precisión

Extracto
Convocatoria
Medicina
Personalizada de
Precisión

FICHAS RESUMO

DA

CONVOCATORIA

Fichas